

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tributación				
Materia	Tributación			
Código	V03G100V01907			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	González Martínez, José Manuel			
Profesorado	González Martínez, José Manuel			
Correo-e	xmgonzalez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Tributación é unha materia optativa que se imparte no segundo cuadrimestre do cuarto curso do Grao de Economía. Consta dun total de 6 créditos ECTS, que se corresponden con 150 horas de traballo do alumnado, das cales 60 son actividades presenciais, mentras que o resto serán actividades non presenciais. Nesta materia faise unha presentación do Sistema Fiscal Español e abórdanse en profundidade dous dos principais impostos: IRPF e IS.			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C3	Coñecer o marco institucional da economía
C7	Comprender o entorno empresarial
C8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
C9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
C12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
D2	Capacidade de traballar en equipo
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
D7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquirir coñecementos básicos para entender o papel que desempeña a fiscalidade no funcionamento da economía	A2	C3 C7	D7
Desenvolver habilidades de procura, uso e comprensión da normativa tributaria vixente e obtención de información estatística relacionada coa fiscalidade		C8	
Entender os efectos da tributacion sobre as distintas fontes de renda: traballo, capital, actividades empresariais.	A2	C9 C12	
Fomento da capacidade de traballar en equipo buscando achegar as mellores solucións tributarias.		C9 C12	D2
Xustificar e defender as decisións adoptadas en materia de tributación mediante estudos de caso		C9 C12	D5

Contidos	
Tema	
Parte I: Introdución ao Sistema Fiscal Tema 1: Obxetivos e metodoloxía da materia.	Os obxetivos básicos. A organización da materia, o método de traballo e a súa avaliación.

Tema 2: Caracterización do sistema fiscal español e bases para a fiscalidade empresarial e persoal	O papel dos impostos na realidade económica. Composición do Sistema Fiscal. A fiscalidade como variable de decisión.
Parte II: O imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Tema 3: Introdución ao IRPF	Elementos básicos do Imposto: contribuinte e unidade familiar, rendas suxeitas e exentas, período impositivo
Tema 4: Rendas das Persoas Físicas	Rendas do Traballo e do Capital, Ganancias e Perdas Patrimoniais. Notas para o asesoramento fiscal
Tema 5 : Renda de Empresarios e Profesionais	Elección do réxime de estimación da renda. Determinación da renda en Estimación Directa e Estimación Obxectiva. Notas para o asesoramento fiscal. Pagos Fraccionados.
Tema 6: Liquidación do IRPF	Integración e compensación das rendas, minimo persoal e familiar, determinación da cota íntegra, deducións. Notas para a planificación fiscal e proceso liquidatorio.
Parte III: O imposto sobre sociedades. Tema 7: Introdución o Imposto de Sociedades	Elementos básicos do imposto: Contribuíntes, Resultado Contable e Base Impoñible. Período impositivo, imputación temporal de ingresos e gastos
Tema 8: Operacións determinantes da base impoñible	Gastos non deducibles. Amortizacións do Inmobilizado. Arrendamento Financeiro. Deterioro de Valor e Transmisións Patrimoniais. Notas para o asesoramento fiscal.
Tema 9: Liquidación do IS	Deduccións, pagos a conta e proceso liquidatorio. Notas para a planificación fiscal

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	20	20	40
Prácticas con apoio das TIC	22	23	45
Resolución de problemas de forma autónoma	0	18	18
Exame de preguntas de desenvolvemento	6	39	45

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión inicial na que o docente presentará o contido e obxectivos da materia así como a metodoloxía de traballo e os sistemas de control e avaliación.
Lección maxistral	En cada sesión, o docente presentará as cuestións máis relevantes de cada tema. Formulará a metodoloxia a seguir para interpretar as consecuencias e os efectos económicos da norma tributaria e resaltará a súa aplicación práctica
Prácticas con apoio das TIC	Realizaránse sesións prácticas que terán lugar en aula informática empregando a metodoloxía de "estudo de caso": Así, para cada sesión proporánse casos a estudar individualmente (ou en grupos reducidos). Cada alumno/a deberá resolver e defender os casos plantexados. Os estudantes disporán previamente dos enunciados dos casos a través da plataforma docente e deberán elaborar unha primeira proposta de solución xustificada que deberá ser entregada a través da plataforma docente antes do desenvolvemento da sesión presencial. As sesións prácticas presenciais en aula de informática consistirán na resolución do caso proposto empregando as aplicacións informaticas e programas de axuda que facilita a Axencia Tributaria.
Resolución de problemas de forma autónoma	Cada semán, despois da sesión magistral, abrirase un prazo para respostar a un formulario práctico dixital (de resposta curta ou test) na plataforma docente. Trátanse de actividades no presenciais que posibilitan o seguimento e avaliación do/a alumno/a e o seu proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Os/as alumnos/as resolverán de xeito individualizado casos prácticos nas aulas informáticas empregando os programas da Axencia Tributaria (Simulador Renta Web e Sociedades Web) Faráse un seguimento individualizado dos resultados acadados e das dúbidas surxidas na actividade. A resolución de dudas farase preferentemente na modalidade presencial. De concurrir circunstancias extraordinarias as sesións de titorización poderanse realizar por medios telemáticos no despacho virtual con concertación previa. Neste caso as titorias tamén poderán ser colectivas sobre temas específicos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Prácticas con apoio das TIC	A entrega (previa á sesión práctica presencial) das propostas de solución dos casos avaliaráse conxuntamente coas probas tipo tests: será necesario que o/a alumno/a teña entregado alomenos 6 casos para obter puntuación nas probas test.	0	C8 C9 C12	D2 D5 D7
Resolución de problemas de forma autónoma	Avaliarase e puntuarase a resolución dos test propostos despois de cada tema. Este apartado puntuarase sobre un máximo global de 3 puntos. Será requisito necesario para obter puntuación neste apartado que o/a alumno/a entregue alomenos 6 propostas de solución dos estudos de caso que configuran as prácticas con apoio das TIC	30	C8 C9 C12	D2 D5 D7
Exame de preguntas de desenvolvemento	Ó remate das partes II e III do programa da materia, en dúas sesións presenciais, proporáse un caso que o/a alumno/a deberá resolver de xeito individual e que permitirá avaliar o seu nivel de coñecementos e capacidade de argumentación e xustificación das decisións adoptadas. A proba relativa ó IRPF puntuaráse cun máximo de 4 puntos e a relativa ó IS cun máximo de 3 puntos.	70	C3 C7 C8	D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Nesta asignatura realizase unha avaliación continua do traballo realizado polo estudante. Para superar a asignatura por esta vía é necesario obter alomenos o 50% dos puntos en xogo en cada unha das probas de avaliación continua propostas (probas tipo test, proba IRPF e proba IS).

Si un estudante non participa na resolución dos estudos de casos prácticos, non fai os test ou non se presenta a calquera das probas (proba IRPF ou proba IS) deixará de ser avaliado en avaliación continua. Tambien deixará de ser avaliado neste formato si non acada alomenos un 25% da nota en xogo en cada unha das probas (probas tipo test, proba IRPF e proba IS).

O alumnado ten de prazo para renunciar ao sistema de avaliación continua ata a data que se fixe para a proba de IRPF.

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun examen final que suporá o 100% da calificación, tanto para a primeira como para a segunda convocatoria.

En caso de non presentarse, e teren feitas tarefas en avaliación continua sen renunciar a mesma, a nota final será a obtida nesas tarefas de avaliación continua.

Na convocatoria Fin de Carreira, o exame suporá o 100% da nota.

A data dos exames pode consultarse en http://fccee.uvigo.es/

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Grupo Docente de Fiscalidad Aplicada Uvigo, **Esquemas Básicos y Supostos Prácticos**, 2022

BOE, **Legislación IRPF e IS actualizada 2022**, BOE, 2022

Albi, E. e Paredes, R., **Sistema Fiscal Español (I y II)**, última edición, Ariel,

Domínguez, F. e López, J., **Sistema Fiscal Español**, última edición, Prensas de la Universidad de Zaragoza,

Domínguez, F., **Planificación Fiscal Personal y en la Empresa**, 3ª, Aranzadi, 2017

Contreras, C, **Planificación Fiscal**, 1ª, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2016

Bibliografía Complementaria

Alonso, R., **Impuesto sobre la renta de las personas físicas. Comentarios y casos prácticos**, última edición, Centro Estudios Financieros,

Barberán, M.A. e outros, **Ejercicios y Cuestiones de Fiscalidad**, última edición, Prensas de la Universidad de Zaragoza,

Borrás, F. e Navarro, J.V., **Impuesto sobre sociedades. Comentarios y casos prácticos**, última edición, Centro Estudios Financieros,

Moreno, M.C e Paredes, R., **Casos prácticos de sistema fiscal**, última edición, Delta,

Portillo, M.J., **Manual de Fiscalidad. Teoría y Práctica**, última edición, Tecnos,

Recomendacións